



COSTA DE MUXÍA


Adela Leiro, Mon Daporta
xuño 2020



Distancia: 70 km (ida e volta)
Dificultade: baixa

O concello de Muxía abrangue un amplo espazo de costa desde o fondo da ría de Camariñas ata a ría de Lires (río do Castro).

Muxía ten no seu litoral dúas caras diferentes á do interior da ría menos elevada, pero igual de recortada, con paredes rochosas e coídos, e numerosos seos e desembocaduras de regatos nos que se acumula a area que forma grandes praias, e o litoral exterior exposto, de altas pendentes, e sen apenas abrigos



- 1-Rego de Vilariño
- 2-Praia de Area Grande
- 3-A Cangrexreira
- 4-Praia de Leis/A Barreira
- 5-Punta de Lago
- 6-Praia do Lago. Río do Lago.
- 7-Puntas Sartaña e Entreportas
- 8-Puntas Lañeiras e Corpos
- 9-Punta das Chans
- 10-Punta de Merexo. Praia da Ribeira.
- 11-Seo do Muíño Vello
- 12-Area das Raias
- 13-Río Negro. Rego de Moraime. Praia de Area Maior.
- 14-Praia de Vilaverde/Loureiro
- 15-Punta e praia de Borreiros
- 16-As Figueiriñas
- 17-Corpiño de Chorente
- 18-Praia e Ínsua de Fornelos
- 19-Punta do Petón
- 20-Praia de Espiñeirido
- 21-Pedra da Garza. Area da Cruz.
- 22-Muxía
- 23-Illotes dos Carreiros
- 24-Punta da Barca
- 25-Punta e coído da Pel
- 26-Punta Bolo do Tarrán
- 27-Punta da Pedriña
- 28-O Coído
- 29-Punta Boucieiras
- 30-O Boi Virón
- 31-Punta Langosteira. Illote Langosteira de Fóra.
- 32-Pedra Alta. Coído das Margaridas.
- 33-Puntas Arliña e Embarrada
- 34-Area de Lourido. Rego da Area.
- 35-Agra Mar. Punta de Lourido.
- 36-Río Escuro. Rego Vadalaxe.
- 37-Punta Cachelmo. O Brolo.
- 38-Seo, praia e rego da Arnela

- 39-Laxes Mouras
- 40-Lago das Vacas. Punta do Gato Pelado.
- 41-O Caldeirón
- 42-Puntas da Buitra, Cercado e Pendente
- 43-Illas Percebosas
- 44-Furna Ollomoleira
- 45-As Sambadas
- 46-As Pías
- 47-Os Penedos
- 48-Coído e rego de Cuño
- 49-Punta da Bendita
- 50-Rego do Cabalo. O Petón Vermello. Matomao.
- 51-Campo das Moas. Costa das Cabras.
- 52-As Covas. Pedra Lobeira.
- 53-Praia da Moreira. Punta da Praia.
- 54-Punta Moreira. Pedra Salzario.
- 55-Os Forniños
- 56-O Careixo. Saco de Touriñán
- 57-Punta Finxil
- 58-O Cociñadoiro
- 59-Cabo Touriñán. Punta Gaivoteira
- 60-Punta de Sualba. Pedra do Beñán.
- 61-Faro de Touriñán
- 62-Petón Pequeno. Illa Herbosa.
- 63-O Percebellido. Punta Laxeira.
- 64-Coído de Touriñán
- 65-A Espadueira, Seo do Boal.
- 66-Carreiro do Lago
- 67-Punta Parede
- 68-Coído e punta das Negras
- 69-Punta Monte Gordo
- 70-Seo do Corvo
- 71-Punta da Vela
- 72-Punta Peralta
- 73-Punta do Almacén
- 74-As Pinelas. Rego de Nemiña.
- 75-Praia de Nemiña
- 76-Ría de Lires. Río Castro.

As principais actividades están relacionadas coa pesca e cos sevizos. Acolle un importante patrimonio natural protexidos nos LIC/ZEC e ZEPA "Costa da Morte", e histórico-artístico e etnográfico. Un desvío do Camiño xacobeo a Fisterra remata en Muxía.



Temporal en Muxía.

O topónimo Costa da Morte ven dos numerosos naufraxios que tiveron lugar nas súas augas.

O LIC **Costa da Morte** comprende o litoral coruñés desde Cabo Fisterra (Laxe de Corveiro) ata Arteixo (punta da Cancela), agás a maior parte da ría de Camariñas e as zonas próximas á áreas urbanas


É unha costa moi exposta, con grandes áreas ocupadas por cantís, illotes e baixos, onde dominan os ventos e a ondada. As praias son abertas e con bos sistemas dunares, agás algunhas situadas no interior de pequenas rías ou enseadas.

Acolle zonas cun elevado grao de conservación dos valores naturais e dun grande interese paisaxístico, xeolóxico e cultural.



Ría de Camariñas

Ábrese entre a Punta do Costado, ao norte e Punta da Barca, ao sur. O principal río é o Grande que desemboca na Ponte do Porto.



Un dos monumentos máis interesantes de Muxía, a igrexa de San Xiao de Moraimo, do século XII, que antigamente formaba parte dun mosteiro.



Pulicaria odora



Rochas o cabo Touriñán



Chois de bico vermello (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*)

PERCORRIDO

Desde Leis, Lugar de Abaixo, chegamos pola estradaña á **praia de Area Grande**, alí, á dereita, temos a **ría do Porto** e o **rego de Vilaríño**, primeiro punto de interese do percorrido, e, despois de ver o areal volvemos a Leis e collemos en dirección a o Lago e ao pouco o desvío á **praia de Leis ou da Barreira**. De volta na estrada atopamos un desvío á dereita e nel outro tamén á dereita polo que imos ata a **punta de Lago**, ao pé do **faro**. De volta na estrada principal logo chegamos a **Lago**, onde podemos parar para ver a praia ou seguir, pasar a ponte e despois, na primeira curva, temos unha fermosa panorámica da praia e da contorna. Pouco despois chegamos a **Merexo**, onde podemos desviarnos ao portíño ou seguir ata **Os Muíños** onde, á saída da localidade, temos indicados os desvíos ás **praias de Muíños** e podemos seguir pola beira ata a **praia de Borreiros** onde remata a estrada. Desde alí hai que volver á estrada principal e coller á dereita ata a Baiuca onde temos o desvío, tamén indicado, á **praia de Espiñeiredo** e podemos seguir ata o pé da cetárea que hai preto da **praia de Fornelos**. Logo hai que volver á estrada principal e, á dereita, xa estamos en **Muxía**. O percorrido con saída de Muxía e volta a Muxía é duns 30 km aos que hai que sumarlle as camiñadas que queiramos facer. De Leis a Muxía con desvíos as praias é duns 20 km.



Vexetación nas dunas de Nemiña




Unha das "pedras miragreiras" na Punta da Barca



A Ría do Porto, no fondo da ría de Camariñas. Á esquerda o prado de Leis e ao fondo a praia de Area Grande.



1-Rego de Vilariño



2-Praia de Area Grande



3-A Cangrexreira



4-Praia de Leis/A Barreira



5-Punta de Lago



6-Praia do Lago. Mide 640 m de lonxitude, na desembocadura do rego de Ozón ou do Lago, que nace nos montes de Aranzón e desemboca na ría de Camariñas.



Punta Sartaña



Entreportas



8-Punta Corpos




9-Punta das Chans



Praia da Ribeira.



10-Punta de Merexo



11-Seo do Muíño Vello



12-Área das Raias



Río Negro



As praias dos Muíños ocupan o espazo entre a desembocadura do río Negro e a punta que as separa da praia de Loureiro. Acollen un bo sistema dunar.



Praia de Area Maior.



Rego de Moraima



14-Praia de Vilaverde/Loureiro



15-Praia e punta de Borreiros



16-As Figueiriñas



17-Corpiño de Chorente



18-Praia e Ínsua de Fornelos



19-Punta do Petón



Punta do Petón



20-Praia de Espiñeirido



21-Pedra da Garza. Area da Cruz.





22-Muxía, entre os montes Corpiño de Chorente (á esquerda, con 69 m de altura) e O Corpiño (á dereita, con 68 m)



Muxía, porto e praia



Igrexa de Santa María de Muxía



23-Illotes dos Carreiros



24-Punta da Barca

Pecha a ría de Camariñas polo sur. Entre as rochas atópanse a Pedra de Abalar, a Pedra dos Cadrís e outras relacionadas con diferentes ritos.

A Pedra de Abalar só podían movela os inocentes. Un temporal desprazouna e rompeu. A pedra dos Cadrís ten un oco polo que pasan os que desexan curarse de males dos cadrís.




Santuario da Virxe da Barca. Construído no século XVIII a carón dunha antiga capela. Recibe moitas visitas durante todo o ano, algunhas a cumprir cos ritos relacionados cos beneficios das pedras. Conta a tradición que a Virxe chegou a Muxía nunha barca de pedra. A Romaría da Virxe da Barca é o fenómeno cultural máis importante de todo o ano en Muxía e unha das festas máis grandes que se celebran en Galiza. É unha mestura de actos relixiosos e profanos que xira en torno á historia do Santuario da Virxe da Barca e as peregrinacións a Muxía polo Camiño Xacobeo de Santiago de Compostela a Fisterra e Muxía.

*Nosa Señora da Barca
ten o tellado de pedra;
ben o puidera ter de ouro
miña Virxe, se quixera.
(Popular)*



25-Punta e coido da Pel



26-Punta Bolo do Tarrán



27-Punta da Pedriña. Antigo secadoiro de congro.



Vista desde Lourido, coa punta da Barca ao fondo

Continuamos desde Muxía polo **Coído**, pola estrada que vai cara a Lourido e segue pola costa ata Touriñán, non ten espazos nos que se poida parar ata o campo de fútbol e un pouco máis adiante o desvío da baixada á **praia de Lourido**. Desde Muxía xa podemos ver as alturas das puntas do Cachelmo e da Buitra e desde o campo de fútbol as formas dos arredores e o areal de Lourido e a súa contorna. Máis adiante, desde o lugar de Lourido hai unha boa panorámica do seo e a costa ata Muxía. Despois non hai outro punto panorámico ata o cume do **Cachelmo**, que non está ao pé da estrada polo que temos que camiñar uns 800 m, ida e volta. Para chegar a el seguimos pola estrada xusto ata que deixa de subir, nunha curva á esquerda, e mesmo na curva hai un sitio á dereita para deixar o coche e alí un camiño pouco transitado que nos leva dereito ao cume. Ir ata o cume do Cachelmo é un esforzo que paga a pena polas impresionantes panorámicas que se descubren desde alí, que, por unha banda, abranguen o camiño percorrido, a península de Muxía e A Barca, a ría de Camariñas e a costa exterior ata o cabo Vilán; e pola outra, o seo da Arnela, o monte e a punta Buitra e o cabo Touriñán. De volta na estrada uns 800 m adiante, xusto ao pasar unha curva, temos o desvío á **punta da Buitra**, unha pista de terra en bo estado duns 2 km, pola que temos que facer a ida e a volta, que nos permite apreciar os cantís máis altos da contorna entre a Buitra e Touriñán. De novo na estrada atopamos, a uns 700 m á dereita, outra pista de terra que nos achega ao **coído de Cuño**. Desde aquí a estrada volve a subir ata o lugar de Martineto e logo vai a Viseo, onde na entrada do lugar viramos á dereita para ir a Touriñán, logo, chegando a Touriñán, collemos o desvío sinalizado a Moreira e nel o primeiro desvío á esquerda para ir á **praia de Moreira** con coído e altos cantís nos arredores.

De Moreira volvemos a Touriñán para ir ao **cabo de Touriñán**, e á volta, ao chegar as primeiras casas, en Campos, collemos unha estradiña á dereita que nos leva a **Nemiña** e á praia. Da praia temos que volver á estrada e alí desviarnos á dereita por Vilela para saír a outra estrada onde collemos á esquerda, para nuns 600 m chegarmos ao cruce, a dereita, xa sinalizado, que nos leva a Viseo e a Muxía pola estrada pola que viñemos.

Este tramo, na costa exterior de Muxía é duns 50 km.

En Lourido pódese facer un desvío para subir ao **Monte Facho** (309 m), que paga a pena tendo en conta as vistas que se poden contemplar.



28-O Coído



29-Punta Boucieiras



30-O Boi Virón



31-Punta Langosteira. Illote Langosteira de Fóra.



32-Pedra Alta. Coído das Margaridas,



33-Puntas Arliña e Embarrada



34-Area de Lourido. Rego da Area.
Situada entre a punta Arliña e a punta de Lourido
no fondo dunha enseada abrigada. Ten un sistema
dunar moi ben conservado.




Vista desde a punta Langosteira: da praia de Lourido á punta da Buitra




35-Agra Mar



Punta de Lourido




36-Río Escuro. Rego Vadalaxe.




37-Punta e monte Cachelmo



Cume do Cachelmo e vistas cara a Muxía



Punta Cachelmo. O Brolo.



38-Seo, praia e rego da Arnela



Vista do costado leste do monte Buitra: desde a praia da Arnela ata a punta do Gato Pelado



Laxes Mouras



40-. Punta do Gato Pelado.



Punta da Buitra




Costado oeste do monte e punta da Buitra



Punta Pendente e illas Percebosas



44-45-Furna Ollomoleira e As Sambadas



Vista desde Punta Buitra cara ao sur



46-As Pías



47-Os Penedos



48-Coído e rego de Cuño






49-Punta da Bendita



50-O Petón Vermello



51-Ribeira de Viseo. Costa das Cabras.



52-As Covas. Pedra Lobeira.



53-Praia de Moreira



54-Puntas da Praia e Moreira. Pedra Salzario.




54-Pedra Salzario.



Punta da Praia.



55-Os Forniños



56-O Careixo. Saco de Touriñán



57-Punta Finxil





Cabo Touriñán desde a enseada de Cuño.



Cabo Touriñán. Está situado no extremo dunha pequena península granítica. No seu litoral alternan os cantís cos coídos. Ten varias puntas: Buxeirados, ao norte, Sualba ao oeste e Laxeira ao sur.



58-O Cociñadoiro




59-Punta Gaivoteira ou Buxeirados



Vista desde a punta de Sualba á punta Gaivoteira



60-Punta de Sualba. Pedra do Beñán.
Punto máis occidental de Galiza e segundo da Europa peninsular (9° 18' 05" O)



61-Faro de Touriñán



62-Petón Pequeno. Illa Herbosa ou do Castelo.




63-O Percebellido. Punta Laxeira.



Porto da Ínsua, Coído de Touriñán e seo do Boal


64-Coído de Touriñán



65-A Espadueira



66-Carreiro do Lago



67-Punta Parede



68-Coído e punta das Negras




69-Monte Gordo




71-Punta da Vela



72-Punta Peralta



72-Puntas Peralta e da Vela



73-Punta do Almacén



74-As Pinelas. Rego de Nemiña.



75-Praia de Nemiña. Un areal de 1.460 m de lonxitude. situado no fondo dunha ampla enseada.



76-Ría de Lires. Formada pola confluencia dos ríos Castro e Lires. Máis que unha ría verdadeira é un esteiro bloqueado por unha frecha areosa que impide que se baleire totalmente, formando unha lagoa fangosa na que se acollen e alimentan anátidas e limícolas. A marea chea supera o dique de area e renova a auga do interior.

O río Castro nace no monte Escaleira (Vimianzo) e, despois de 30 km de percorrido, desemboca formando a pequena ría de Lires.

